

A XUNTA INTENSIFICA OS CONTROIS SOBRE XOGUETES E OUTROS PRODUCTOS

Protección nas compras para o consumidor

■ A Consellería de Economía e Industria ten en marcha, a través do Instituto Galego de Consumo, a campaña InfonadalConsumo, na que, de cara ás compras de Nadal, se intensifican as actuacións de control do mercado que a inspección de consumo leva a cabo permanentemente para garantir a seguridade dos produtos, e que inclúe tamén accións formativas para atender á necesidade de orientación, información e formación dos consumidores galegos nestas datas, así como a elaboración dun folleto con consellos de compra.

A posta en marcha desta campaña, que chega á súa terceira edición, responde ao obxectivo de garantir ao máximo a protección dos dereitos dos consumidores galegos nunhas datas nas que se incrementan os gastos das familias e sobre todo nas que aumentan as vendas de xoguetes, destinados aos consumidores máis vulnerables: os nenos e nenas.

Dentro do programa InfoNadalConsumo o Instituto Galego de Consumo pon en marcha un total de catro novas campañas específicas de control centradas nas grilandas luminosas, os xoguetes teledirixidos e os destinados aos menores de tres anos, así como os produtos cosméticos, nas que tamén participa o Laboratorio de Consumo de Galicia, o único oficial acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a realización de análises deste tipo de produtos.

O IGC tamén intensifica a vixilancia do cumprimento das obrigas dos establecementos que poñen os seus produtos a disposición dos consumidores, como a indicación de prezos, o etiquetado, a publicidade e a existencia de follas de reclamacións, entre outros.

ACCIONS FORMATIVAS

A citada campaña InfonadalConsumo incluíu 13 accións formativas da Escola Galega de Consumo (EGC) sobre as compras de Nadal en xeral e a compra

BALANCE DA CAMPAÑA ANTERIOR

Na edición anterior de InfonadalConsumo sometéronse a análise no Laboratorio preto de corenta produtos, detectándose 4 con risco grave, que foron incluídos na rede de alerta e retirados do mercado. Durante o ano 2010 as actuacións de control de seguridade sobre produtos industriais que se realizan desde o Instituto Galego de Consumo, nas que ademais de xoguetes se inclúen artigos de puericultura, material eléctrico, pequenos electrodomésticos, ou produtos químicos, foron encontrados perigosos 87 produtos que foron incluídos na rede de alerta nacional ao presentar riscos para o consumidor. Galicia é a primeira comunidade autónoma en notificación deste tipo de produtos no marco da rede de alerta que funciona en España, xa que tamén é a que máis investiga, realizándose ao longo do 2010 máis de 85.000 actuacións de control de seguridade dos produtos industriais.

NESTA ÉPOCA A XUNTA DE GALICIA INTENSIFICA OS CONTROIS SOBRE XOGUETES E OUTROS PRODUCTOS

de xoguetes nas que participaron máis de 800 consumidores, o dobre que na edición anterior. As charlas centráronse en aspectos de seguridade e analizaron ademais as recomendacións pedagóxicas sobre xoguetes en función da idade.

Os destinatarios desta campaña formativa son fundamentalmente as asociacións de consumidores e usuarios e as asociacións de pais e nais do alumnado dos centros escolares de Galicia, ademais do propio alumnado e outros colectivos.

LABORATORIO

Para reducir os riscos dos consumidores ao máximo no que se refire á súa seguridade o Laboratorio de Consumo de Galicia é un instrumento clave. Dependente do Instituto Galego de Consumo da Consellería de Economía e Industria, é o centro no que se realizan as análises e os ensaios sobre produtos industriais non alimenticios presentes no mercado, coa fin de avaliar a súa conformidade coas regulamentacións técnicas referidas tanto á calidade

como á seguridade. Para iso realiza ensaios sobre produtos de consumo coa fin de verificar a súa adecuación á normativa, as súas características, e tamén a veracidade das atribucións declaradas na etiquetaxe do produto.

O Laboratorio Galego de Consumo dálle a Galicia un papel protagonista e pioneiro no eido da investigación, análise e control da seguridade dos produtos, xa que é o único laboratorio público dunha comunidade autónoma que existe en España, o que nos sitúa como a comunidade máis activa na detección de produtos inseguros no mercado.

Ademais é o único laboratorio oficial de consumo que conta coa total acreditación nacional que reconece a máxima fiabilidade dos seus resultados nas liñas de ensaio de produtos téxtiles, xoguetes e artigos de puericultura.

O Laboratorio ten sido escollido polas administracións doutras comunidades para analizaren os produtos das súas campañas de control de mercado autonómicas. Tamén se están a promover iniciativas de estudo e comparación de técnicas analíticas e resultados con laboratorios de Europa, Asia e América.

A súa eficacia convérteo en pioneiro na achega de solucións e a súa calidade sitúao tamén como un referente no eido da formación. Por iso, Galicia foi a primeira comunidade en estable-



Xente de compras na Rúa do Paseo de Ourense.

XESÚS FARIÑAS

cer un procedemento para avaliar se un produto pode supor un risco grave que conduza á súa retirada, un sistema de avaliación que foi

seguido polo resto das comunidades autónomas.

En total, o Laboratorio de Consumo de Galicia analiza anualmente preto de 600

artigos de consumo, para o que realiza máis de 6.000 análises, nos departamentos téxtil, mecánico, eléctrico, electrónico e químico. ■

CONSELLOS PARA COMPRAR XOGUETES



Para garantir a seguridade e a idoneidade dos xoguetes, tan comprados nestas datas, é fundamental fixarse á hora de compralos en que sexan axeitados á idade mental e ás habilidades físicas do neno, e comprobar que dispoñen do marcado CE. Outros dos consellos nos que se insiste desde o Instituto

Galego de Consumo é comprobar que na etiqueta figura o nome e o enderezo do responsable do produto, ler as instrucións de manexo e advertencias, e comprobar que a etiqueta e as instrucións están polo menos en castelán. Ademais, débese asegurar que non teñan bordes cortantes, e no caso de xoguetes

para menores de tres anos, comprobar que non teñen pezas pequenas que se poidan desprender do xoguete. Os xoguetes eléctricos para os máis cativos non poden ter fontes de alimentación de máis de 24 voltios e os de arrastre non poden incorporar cordóns de máis de 220 milímetros de lonxitude. ■